

# VIXILANCIA DA GRIPE EN GALICIA

tempada 2020/2021

## CUALIFICACIÓN DA ACTIVIDADE GRIPAL

Seguindo ao EISN (European Influenza Surveillance Network, ECDC), e de acordo co SVGE (Sistema de Vigilancia de la Gripe en España), en Galicia a actividade gripal cualifícase cos tres indicadores seguintes: *intensidade, difusión xeográfica e tendencia da actividade gripal*.

### Indicador de intensidade da actividade gripal

En Galicia, a intensidade da actividade gripal cualifícase a partir da ratio semanal entre o número de consultas rexistradas como gripe (R80) en atención primaria do SERGAS e o número de médicos que as rexistraron.

Na tempada 2020/21 a intensidade da actividade gripal clasifícase en<sup>1</sup>:

- 1/ Basal: por debaixo de 1'60 .
- 2/ Baixo: entre 1'60 e 3'09.
- 3/ Medio: entre 3'10 e 4'39.
- 3/ Alta: entre 4'40 e 5'09.
- 4/ Moi alta: igual ou por riba de 5'10.

### Indicador da difusión xeográfica da actividade gripal

A difusión xeográfica cualifícase nas catro categorías seguintes:

- 1/ Nula: Non hai evidencia microbiolóxica de actividade gripal, e a intensidade da actividade gripal é baixa.
- 2/ Esporádica: A intensidade da actividade gripal é basal e hai constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio (ou un abrocho nunha soa institución), ou ben non hai constancia de casos positivos nunha semana concreta pero se os houbo nas tres semanas previas.
- 3/ Local: A intensidade da actividade gripal atópase nalgunhas provincias por riba do seu propio nivel basal, establecido co número de consultas semanais rexistradas como gripe (R80) en atención primaria do SERGAS (AC: 290; PO: 274; LU 84 e OU: 128) e con constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio (ou ben tiveron lugar varios abrochos).
- 4/ Xeral ou Espallada: Hai un aumento da actividade gripal por riba do límite basal en varias provincias que xuntas supoñen máis do 50% da poboación de Galicia, con constancia de casos illados de infección gripal confirmados por laboratorio.

### Indicador da evolución da actividade gripal

A evolución cualifícase nas tres categorías seguintes:

- 1/ Crecente: A intensidade da actividade gripal aumenta comparada coa semana previa.
- 2/ Decrecente: A intensidade da actividade gripal diminúe comparada coa semana previa.
- 3/ Estable: A intensidade da actividade gripal non cambia comparada coa semana previa.

---

<sup>1</sup> A estimación dos valores basais faise co modelo de epidemias móbiles de Vega et al. Referencias bibliográficas: [1] Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe: establishing epidemic thresholds by the moving epidemic method, *Influenza Other Respi. Viruses*. 2013; 7:546–58; [2] Vega T, et al. Influenza surveillance in Europe. Influenza surveillance in Europe. Comparing intensity levels calculated using the Moving Epidemic Method. *Influenza Other Respir. Viruses*. 2015; 9(5):234-46. doi: 10.1111/irv.12330.